

# FEDERACIÓN GALEGA DE RUGBY

Avda. de Glasgow 11 – 15008 A CORUÑA

Teléfono: (34) 981 137402  
Móvil: (34) 687 218473  
Fax: (34) 981 299005



FEDERACIÓN GALEGA DE RUGBY  
F.G.R.

Internet: [www.fegarugby.com](http://www.fegarugby.com)  
E-mail: [secretaria@fegarugby.com](mailto:secretaria@fegarugby.com)

## RESOLUCIÓNS DO COMITÉ DE COMPETICIÓN

**4 DE XULLO DE 2007**

1º.- ENCONTRO FINAL COPA XUNTA FEMININA.- MAREANTES – UNIV. DA CORUÑA.-

Á vista do informe do Arbitro do encontro no que apunta a NCOMPARECENCIA do equipo feminino do Club Mareantes, para disputar a Final de Copa Xunta a tres. E estando presentes o Secretario da FGR, o Xuíz Único de Competición da FGR, e o Club Vigo ademais do Uni. Coruña; decídese xogar a Final de Copa Xunta Feminina a un único partido, mantendo o horario fixado de antemán.

Por todo iso, determínase: SANCIÓN ao Club MAREANTES pola INCOMPARECENCIA NON AVISADA, como determina o Art. 37, II, B do R P e C.; con EXCLUSION DA COMPETICION E A PROHIBICION DE INSCRIBIRSE NA COPA XUNTA FEMININA NA DÚAS TEMPADAS SEGUINTES.

E MULTA de CEN (100) € E MULTA de MIL NOVENTA E SETE CON VEINTIDOS (1097.22) €, en base ao Art. 103 C) do RPC. FALTA GRAVE.

2º.- ENCONTRO FINAL COPA XUNTA FEMININA: VIGO - UNIV. DA CORUÑA

Á vista do informe do Árbitro do encontro no que apunta "a expulsión por cartón vermello á xogadora do Club Uni. Coruña, Paula Medín López con lic. nº 1103856; e á xogadora do Club Vigo, Cristina Guntín Miranda con lic. nº 1103869, por pegarse, dándose bofetones na cara mutuamente, logo de haberse detido o xogo".

Xa que logo, determínase: SANCIONAR á xogadora do Club Uni. Coruña, PAULA MEDIN LOPEZ con licencia número 1103856 con SUSPENSION POR UN (1) PARTIDO. En base ao Artigo 89, b) do RPC. Por agresión nun agrupamento de forma rápida coa man, sen causar lesión. Falta Leve 2.

AMONESTACION ao Club UNI CORUÑA, por Art. 104 do RPC.

Xa que logo, determínase: SANCIONAR á xogadora do Club VIGO, CRISTINA GUNTIN MIRANDA con licenza número 1103869 con SUSPENSION POR UN (1) PARTIDO. En base ao Artigo 89, b) do RPC. Por agresión nun agrupamento de forma rápida coa man, sen causar lesión. Falta Leve 2.

AMONESTACION ao Club VIGO, por Art. 104 do RPC.

Contra as anteriores resolucións, poderase interpor Recurso ante o Comité de Apelación da FGR; presentando o mesmo ante esta federación no prazo de CINCO (5) DIAS HABILES. En base ao Art. 85 do R P e C.

Oscar Lodeiro Hermida  
Secretario General de la FGR  
4 de xullo de 2007